

MANUAL DE CALIDADE  
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE  
ESAD DE GALICIA

**DE101.01 O SGIC da ESAD de Galicia**

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	20-04-2014	Primeira edición	18-06-2014
2	14-04-2015	Acreditación ACSUG	22-09-2015
3	21-11-2017	Revisión aplicación Orde 21 de novembro Adecuación FIDES-AUDIT	27-02-2018

## NATUREZA E FINALIDADES DO SGIC

A Escola Superior de Arte Dramática Galicia, en cumprimento do establecido no RD 1614/2009, no RD 21/2015, e na Orde de 30 de setembro de 2010, **estableceu** un Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) no que se recollen e desenvolven diferentes actuacións en materia de mellora das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión.

Posteriormente, para establecer o marco e o procedemento para a avaliación interna e externa, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) asinaron con data do 19 de novembro de 2014 un convenio de colaboración coa finalidade de establecer e aplicar os procedementos de avaliación das ensinanzas artísticas superiores. Nesa dirección en xuño de 2015 a ACSUG fixo pública a Guía para a o seguimento das titulacións superiores de ensinanzas artísticas.

De igual forma se contempla o establecido na Orde do 21 de novembro de 2016, publicada no Diario Oficial de Galicia con data do 1 de decembro de 2016, que establece no seu artigo 28. 2, que cada centro superior establecerá un sistema de garantía interna da calidade coa finalidade de potenciar a mellora das súas actividades docentes e de xestión, que seguirá as normativas establecidas pola administración educativa en relación cos procesos de xestión e auditorías de calidade.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade implántase na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia a instancias do equipo de Dirección e coa aprobación do Consello Escolar da mesma, acordo recollido na acta correspondente (AC101.01). O Sistema de Garantía Interna de Calidade da ESAD de Galicia toma como referente para a elaboración dun sistema de xestión da calidade as normas FIDES-AUDIT, DOCENTIA e VERIFICA, desenvolvidos pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), pero considerando tamén a norma UNE-EN-ISO 9001 (ISO 9001-2008, e ISO 9001-2009).

A garantía de calidade pode definirse como unha atención sistemática, continua e programada aos procesos que desenvolve unha institución para a súa mellora permanente en relación co servizo que ofrece a institución. No caso da ESAD de Galicia a mellora permanente oríntase aos procesos que lle son propios: xestión, formación, transición á vida activa, creación, divulgación, investigación e transferencia de coñecemento. Nesa dirección a ESAD de Galicia, a través do SGIC persegue lograr os seguintes obxectivos:

- Incorporar e desenvolver unha política de mellora permanente, e de transparencia, en todos os procesos que lle son propios.
- Satisfacer as necesidades e expectativas dos seus usuarios, grupos de interese e da sociedade en xeral.
- Contribuír ao pleno desenvolvemento do sistema teatral e cultural nacional e internacional a través das súas actividades.
- Promover a plena integración da ESAD no Espazo Europeo da Educación Superior.
- Superar cantos procesos de acreditación e verificación deriven desa integración no EEES e aqueles que determinen as administracións educativas competentes.

Corresponde á Dirección da ESAD o desenvolvemento, implantación, revisión e mantemento do sistema de xestión e mellora da calidade (SGIC) a través do Servizo de Garantía Interna de Calidade (SzGIC), no que participa a Comunidade Escolar do Centro e do Departamento de Calidade. [A dirección asume o compromiso finalizar a plena implantación do Sistema ao longo do curso escolar 2017-2018.](#)

## OBXECTO DO SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

- Dar cumprimento ao establecido no artigo 19 do Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Dar cumprimento ao establecido na disposición adicional segunda da Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ao dito grao.
- Dar cumprimento ao establecido no Real Decreto 21/2015, de 23 de xaneiro, que modifica o Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro.
- Dar cumprimento ao Convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia en relación coa avaliación de calidade de centros e ensinanzas artísticas.
- [Dar cumprimento ao establecido no artigo 28 da Orde de 21 de novembro de 2016, en relación aos sistemas de xestión de calidade.](#)
- Establecer un sistema de xestión de calidade a través do Servizo de Garantía Interna da Calidade e do Departamento de Calidade, que se debe concretar nun Manual de Calidade.

## ÁMBITO DE APLICACIÓN

- A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia en todas as súas áreas, servizos e departamentos e en todas as súas actividades: xestión, formación, creación e investigación.
- O persoal que presta servizos na ESAD de Galicia e os seus usuarios.
- O propio Sistema de Garantía Interna da Calidade.

## MISIÓN, RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS

### Dirección

- Aprobar as políticas de calidade da ESAD de Galicia a través do Consello Escolar, o Claustro de Profesoras e Profesores, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Servizo Garantía Interna da Calidade.
- Trasladar ao Plan Estratéxico e ao Plan Anual as políticas de calidade.
- Velar polo mantemento, actualización e mellora permanente do Sistema.
- Formar parte e presidir o Servizo de Garantía Interna da Calidade.

### Secretaría

- Custodiar a documentación propia do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

- Aprobar o procedemento para o control dos rexistros do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- Formar parte do Servizo de Garantía Interna de Calidade.
- Informar a toda a comunidade educativa e usuarios da ESAD a respecto do Sistema e do seu funcionamento.

### **Consello Escolar**

- Aprobar o Manual de Calidade e as políticas de calidade da Escola.
- Emitir informes a petición da Dirección ou das autoridades competentes.

### **Claustro de profesoras e profesores**

- Informar as políticas de calidade da Escola para o seu traslado ao Consello Escolar.
- Realizar propostas de mellora e de elaboración, implantación e/ou revisión de procesos e procedementos.
- Emitir informes a petición da Dirección, do Consello Escolar ou dos Departamentos.

### **Comisión de Coordinación pedagóxica**

- Informar as políticas de calidade da Escola para o seu traslado ao Consello Escolar.
- Realizar propostas de mellora e de elaboración, implantación e/ou revisión de procesos e procedementos.
- Emitir informes a petición da Dirección, do Consello Escolar ou dos Departamentos.

### **Servizo de Garantía Interna da Calidade**

Está integrado polo Director/a da ESAD, polo Secretario/a da ESAD, polo Director/a do Departamento de Calidade, por dous representantes do profesorado, dous representantes do alumnado e un representante do Persoal de Administración e Servizos. Manterá reunións periódicas segundo se estableza no Plan Anual de Revisión do Sistema e dúas reunións anuais a principios do curso escolar e na fin do mesmo. Ten como funcións e responsabilidades:

- Supervisar o proceso de aprobación, implantación, revisión e mantemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade a través do Manual de Calidade.
- Supervisar o proceso de aprobación, implantación, revisión e mantemento de procedementos, documentación e dos seus rexistros, así como das evidencias.
- Realizar propostas en relación co Manual de Calidade e o control da documentación e dos rexistros.
- Realizar propostas para a elaboración e implantación de procesos e procedementos no Sistema.
- Realizar procesos de autoavaliación e de preparación de avaliacións internas ou externas.

## Departamento de Calidade

- Coordinar os procesos de elaboración, implantación e revisión de procesos e procedementos que forman parte do Manual de Calidade, segundo o establecido na presente norma, e manter a documentación propia do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- Elaborar, implantar, revisar e manter o procedemento para o control dos rexistros do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- Coordinar o Servizo de Garantía Interna de Calidade.
- Definir e propoñer políticas de calidade.
- Realizar o mantemento do MSGIC en vigor e do MSGIC inmediatamente anterior, así como os rexistros, documentación e evidencias vinculados cos mesmo.
- Difundir e dar a coñecer o MSGIC polos procedementos establecidos.

## OS PROCEDEMENTOS DO SGIC

Nas [Follas de Control AI.01/02/03 \(Anexo I\)](#) figuran as [listaxes completas](#) de procedementos do MSGIC implantados e a documentación vinculada con cada un deles. O MSGIC será revisado de forma permanente en cada curso escolar. Igualmente no capítulo I do Manual está establecido un procedemento para a elaboración de novos procedementos e os pasos a seguir. Cando se produzan cambios froito das revisións anuais, o Departamento de Calidade deixará constancia dos mesmos a través do “resumo de revisións” que figura na primeira páxina de cada documento do Sistema e tamén na nota a rodapé dos mesmos. Sempre haberá copia da última versión e igualmente da versión actual, en papel, depositada na Secretaría da Escola. [De igual forma, nos documentos en vigor os cambios e modificacións aparecerán en letra azul para favorecer a súa inmediata identificación.](#)